

ACTAS DEL I CONGRESO DE LA ASOCIACIÓN HISPÁNICA DE LITERATURA MEDIEVAL

Santiago de Compostela, 2 al 6 de Diciembre de 1985

*Edición a cargo de
Vicente Beltrán*

**PPU
1988**

Portada: Motivo inspirado en la *matière de Bretagne*. Detalle de una columna procedente de la *Porta Francigena* de la Catedral de Santiago de Compostela. Comienzos del s. XII. Dibujo: S. Moralejo.

Primera edición, 1988

No podrá reproducirse total o parcialmente el contenido de esta obra, sin la autorización escrita de PPU.

© Vicente Beltrán

© PPU

Promociones y Publicaciones Universitarias, S.A.

Marqués de Campo Sagrado, 16

08015 Barcelona

I.S.B.N.: 84-7665-251-8

D.L.: B-14206-88

Imprime: Limpergraf, S.A. Calle del Río, 17 Nave 3. Ripollet (Barcelona)

Da *Iliáda* á Crónica Troiana. A visión dos heroes e do mundo en que se moven

Ramón Lorenzo
Universidade de Santiago

O tema da guerra de Troia é un dos episodios máis impresionantes da Literatura Universal, cunha presenza inaudita ó longo dos séculos. Por iso me pareceu oportuno volver a el na miña conferencia para presentar uns cantos aspectos da lenda e ver como cambiou a representación dos heroes e do ambiente en que se moven desde a obra de Homero ata a *Crónica Troiana* galega de 1373¹.

Como sabemos, Homero deixounos os episodios da guerra na *Iliada* e, amais, escribiu na *Odisea* as aventuras polas que pasou Ulises desde a saída de Troia ata o regreso a Ítaca, así como a vinganza feita nos pretendentes de Penélope e a expedición de Telémaco á procura do pai.

A *Iliada* ten un contido limitado, posto que conta unicamente unha serie de acontecementos que pasaron no décimo ano da guerra: desde que Aquiles se retira da loita porque Agamenón lle arrebatou a Briseida ata a morte de Héctor ás mans do heroe grego e as exequias que fan por el en Troia. É un tempo limitado e un espazo limitado, mais Homero deixa entrever na súa obra un coñecemento máis completo dos feitos e, ás veces, fai pequenas referencias ó acontecido antes ou ó que virá despois. Sabemos, por exemplo, que Aquiles ha morrer na batalla, que Troia será destruída, etc.

Está claro que esta epopea, transmitida por unha longa tradición oral, era moi coñecida no seu tempo. Homero limitábase conscientemente a uns cantos episodios da guerra. Despois del a tradición continuará viva e estará presente noutros poemas épicos, nos que se irá completando todo o ciclo e se manterá o

alento da poesía épica desde o seu momento álxido no século VIII a.C. ata os seus epígonos na época da decadencia e na bizantina.

Sabemos da existencia de numerosos poemas por algúns fragmentos conservados deles e tamén polo testemuño de escritores clásicos, polos resumes feitos por Proclo e pola famosa Βιβλιοθήκη de Apolodoro de Atenas (aprox. 180 a 120/110 a. C.)². Son os seguintes poemas: A *Cipriada*, atribuída na antigüidade ó mesmo Homero; a *Etiópida* e a *Iliupersis* ou *Destrución de Troia*, ámbalas dúas de Arctino de Mileto; a *Iliada Menor* ou *Pequena Iliada*, atribuída a Lesques de Pirra ou de Mitilene; os *Nostoi* («Os Regresos»), de Axias de Trecén, e a *Telegonía*, de Eugamón de Cirene. Neles faise xa unha historia completa de todo o proceso da guerra, con antecedentes e consecuentes: desde o xuicio de París e os argonautas ata a morte de Ulises ás mans de Telégono³.

Algunhas destas obras eran de calidade inferior e todas elas foron caendo no olvido, fronte á supremacía das dúas producións de Homero, que acadaron grande fama e chegaron a ser comentadas profusamente na mesma Grecia, someténdose a fortes discusións a chamada «cuestión homérica».

Tras algúns séculos de apoxeo, a épica perdeu importancia dentro da literatura grega, aínda que nunca se perdeu a tradición oral e o tema da guerra de Troia seguiu vivo, podendo aparecer novas versións, que presentan innovacións importantes e, ás veces, en aberta confrontación co escrito por Homero. O tema vaise desfigurando e aumentan as interpretacións diverxentes, chegándose mesmo a dar unha visión totalmente oposta á primitiva.

Entre as aportacións tardías, lembrémo-la compilación en 14 libros de Quinto de Esmirna (séc. IV d.C.), que reúne tódolos episodios da guerra, tal como se atopan nos poemas de Homero e nos posthoméricos, e o caso curioso de Ptolomeo Queno, de Alexandria (aprox. 100 d.C.), que escribiu a epopea *Antihomero* e a obra *Historia de Troia*, tratando de dar argumentos en contra de Homero. Precisamente con esta postura entroncan algúns textos en prosa ós que me vou referir e a *Crónica Troiana* galega.

O tema de Troia non quedou circunscrito á literatura grega, pois de Grecia pasou a Roma e na literatura latina deu obras tan importantes coma a *Eneida* de Virxilio ou a unha parte das *Metamorfoses* de Ovidio, autor que, por outra banda, fai referencia a reo a el nas *Heroidas*. Lembremos, amais, que xa Livio Andrónico fixera unha traducción da *Odisea* e que tamén se traduciu a *Iliada*, atribuída a Píndarus Thebanus e agora tamén a Baebius Italicus⁴.

Estas e outras mostras⁵ indícanos claramente que a lenda continuaba viva na época latina e que se coñecía a versión de Homero; mais, como contrapartida, cómpre indicar que, andando o tempo, tamén chegaron as versións gregas antihoméricas, que hoxe coñecemos en refundicións en prosa, de non moito valor literario, aínda que do máximo interese para nós, posto que están na base

das versións medievais occidentais, debido a que Benoît de Sainte-Maure as utilizou no seu *Roman de Troie*⁶. Refírome ás obras de Dictys e Dares.

Dares Phrygius (do séc. VI) é autor da obra *De excidio Trojae historia*⁷, en 44 capítulos, que comeza coa expedición de Xasón e remata coa conquista de Troia, escrita nun latín pouco coidado e monótono, con pouca preocupación literaria. Redúcese a unha continua exposición de batallas e trégoas, fóra uns cantos episodios ós que lles dedica maior atención: a ofensa de Leomedón a Xasón cando vai á procura do carneiro de ouro, a morte de Héitor e a escena da separación con Andrómaca, o amor de Aquiles por Políxena, a morte deste heroe ás mans de Paris a traición no templo de Apolo e as deliberacións dos traidores troianos para a entrega da cidade.

O segundo autor, Dictys Cretensis (séc. IV), comeza a súa obra *Ephemeris belli Trojani*⁸ co rapto de Helena e remátaa coa volta dos guerreiros a Grecia e a morte de Ulises ás mans de Telégono. Dictys deixounos unha versión moito máis extensa cá de Dares (3 veces máis) e cunha concepción verdadeiramente literaria, coidando no posible o estilo. Con todo, Benoît utilizou na maior parte do seu poema a Dares e só desde o verso 24.397 botou man do segundo autor.

Tense discutido moito a persoalidade destes dous autores. A obra de Dares parece un resume dun texto anterior máis extenso e a de Dictys é tradución do grego, pois coñécense fragmentos nesta lingua (do ano 206 d. C. e da época de Nerón). Os dous presentan elementos en común: o desexo de lle dar verosimilitude á historia, facéndose pasar por contemporáneos e partícipes da guerra de Troia (un cos troianos e outro cos gregos), o que os leva a considerar que a súa historia é máis real cá de Homero, posto que este a escribiu moito despois. Tamén é común a preferencia dada ás tradicións non homéricas sobre as homéricas e o desexo de elimina-la intervención dos deuses nos feitos. En Dares non interveñen, mentres que en Dictys hai certa flexibilidade, pois vemos, ás veces, alternancia entre a súa intervención e xa a acción exclusiva do mundo dos homes⁹.

¿Por que Benoît segue a Dares en case toda a obra e só ó final toma como modelo a Dictys? É difícil explicalo e non se comprende moi ben, tendo en conta que o segundo ofrece un texto moito mellor escrito e que o de Dares é unha pura acumulación de acontecementos nun latín bárbaro. O importante é que Benoît o prefere e consegue obter, malia a pouca entidade do modelo, un resultado sorprendente, posto que nos 24.396 versos en que segue a Dares (e aínda nos restantes 6.000 volve, ás veces, a el) hai unha recreación do texto latino, non unha simple trasladación para o francés. Benoît deixa actua-la fantasía, créase nos episodios interpretando os feitos á súa maneira e engadindo material da súa propia colleita ou tomado doutras fontes. Tamén cabe a posibilidade de que existise un texto de Dares máis desenvolvido e hoxe

descoñecido, aínda que non temos probas da súa existencia. Realmente extraña a ampulosidade de Benoît cando segue a Dares e a extrema parquedade cando coincide con Dictys.

Poñamos unhas mostras. Así, Dares adícalle tres liñas ó episodio da conquista do «toisón de ouro», mentres Benoît conta por extenso toda a conquista, deténdose especialmente nos amores de Xasón e Medea. Tamén está aumentado o relato do xuicio de Paris ou engádese a participación dos bastardos, fillos de Priamo, na contenda, algúns con certa preponderancia e outros con nomes alleos ó mundo grego. A segunda batalla, que en Dares ocupa catorce liñas, esténdese no poema francés ata un total de 2.546 versos (7641-10186).

Frente a exhuberancia e á extensión destes e doutros episodios, choca realmente a parte en que segue a Dictys, na que se acumulan nuns 6.000 versos moreas de episodios: a traición de Troia, a volta dos gregos, coas numerosas peripecias de tódolos heroes e dos seus sucesores (como, por exemplo, o relato da morte de Agamenón e os acontecementos seguintes ata a vinganza de Orestes, que mata á súa propia nai e ó seu amante). De todo isto destaca, pola súa tremenda desproporción, na parte final da obra a inclusión de toda a *Odisea*, resumida nuns poucos versos.

Non se entende ben este desequilibrio entre as dúas partes e por iso non se pode deixar de lado a posibilidade de pensar nun Dares máis amplo, hoxe perdido, se ben tamén podemos coidar que Benoît empezase a estar canso na última parte da súa obra e a rematase acugulando os acontecementos. Outra cousa posible é que Benoît tivese á man un Manual de historia antiga en latín, no que estivese resumida unha versión da lenda, con noticias dos distintos personaxes.

O cambio de perspectiva na parte final tamén pode ter que ver co punto de vista do autor, que adopta unha postura claramente favorable ós troianos en contra dos gregos. De aí a visión dos heroes, que comentaremos no presente traballo. O resultado final do poema de Benoît, e, consecuentemente, da tradución galega contida na *Crónica Troiana*, é un texto que se afasta tremendamente da *Iliada* de Homero.

Na *Iliada* temos un mundo moi diferente ó medieval. Alí aparecen as armas propias daquel tempo (cascos con penachos, escudos de pel de diferentes animais: de lobo, león, touro, donicela, etc.); os cabaleiros levan grebas arredor das pernas e espadas de bronce, loitan arrebolando grandes pedras, combaten en carros turrados por cabalos (2 ou 4), con aurigas tendo conta das rendas, e, ás veces, combaten de pe; reúnen na ágora a consello, teñen unha maneira diferente de vestir e durmir. Os ritos que practican fanse inusuais andando o tempo. Así, son frecuentes as libacións con viño nunha copa como ofrenda ós deuses, deitan ambrosía e néctar sobre o cadáver de Patroclo para facelo

incorrupcto, Minerva¹⁰ alimenta a Aquiles con ambrosía e néctar, fan piras funerarias para queima-los mortos no combate, presentan hecatombes ós deuses, despois de queima-lo corpo do heroe morto celebran xogos na súa honra (carreiras de carros, loita cos puños, especie de iudo, carreiras de homes, lanzamento de disco e lanza, tiro con arco).

Por outra banda, xunto a todo isto atopámo-la presenza omnipotente dos deuses. Tódolos humanos están sometidos a eles, actúan nos combates, uns a favor dos gregos (os máis poderosos Minerva, Xuno, Neptuno, Mercurio, Vulcano) e outros dos troianos (Venüs, Apolo, Marte, Diana, Latona, Xanto), loitan eles mesmos e ata poden ser feridos polos mortais, como acontece na rapsodia V con Venüs, ferida nunha man por Diomedes, que está baixo a protección da poderosa Minerva e por iso se atreve tamén a atacar a Apolo. Minerva chega a combater no mesmo carro co heroe grego e loitan os dous contra Marte, ferindo a este Diomedes no ventre. Xuno permítelle falar ó cabalo Xanto, para que lle conteste a Aquiles que el e o outro cabalo (chamado Balio) coidarán del. Os deuses protexen ós seus heroes desviando os golpes dos contrarios. Á cabeza de todos está Xúpiter e nada se fai en contra da súa vontade. Todo está pronosticado e os mesmos heroes saben cal vai se-lo seu destino final. Por iso na *Iliada* os mortais ofrecen a reo sacrificio ós deuses, implorando a súa clemencia e axuda.

De toda esta concepción non queda nada na *Crónica*. É certo que se fan de cando en vez sacrificios a Apolo e mais a Minerva «segundo súa lee» e os sacerdotes adiviñan o que vai pasar no futuro, mais as accións de guerra son entre seres humanos e queda descartada toda participación dos seres sobrenaturais. Na *Crónica* hai unha visión imaxinaria do mundo antigo, visto cos ollos do mundo medieval. Por moito que abunden os elementos de asunto épico, están interpretados á maneira medieval: a descrición das armas e dos combates, as embaixadas, os consellos de guerra, a reunión das cortes, os eloxios fúnebres dos heroes. Tamén é certo que hai moitos elementos idénticos, porque non cambiaran desde a antigüidade, pero outros xa non teñen nada que ver co mundo grego: os castelos, as cidades, as comidas, os costumes, a organización militar, os vestidos (brial, loriga, etc.). As donas e as doncelas ollan o combate desde os adarves e os cabaleiros senten vergoña cando combaten mal porque elas os están vendo, os cabaleiros lanzan alaridos cando combaten e van sempre a cabalo. Ó lado dos reis atópanse os duques, os príncipes, os condes, os ricos homes, os almirantes. Úsanse cornos para chamar, aparecen cabalos de Aragón, cabalos baios de España, espadas danesas, arcos turquí, escudos da obra de Saragoza, elmos de Pavía, espadas e cabalos de Alamaña, etc. Os cabaleiros xogan ó xadrez, ós dados e ás tablas.

Agora entra en xogo o mundo máxico, ó que eran tan afectos na época medieval, e bótase man dos bestiarios para facer aparecer en escena a seres

fantásticos e imaxinarios. Describense as cámaras e os palacios coas decoracións máis impensables, as sepulturas de Héitor, Aquiles ou Paris están feitas cos materiais máis inimaxinables. Todo é riqueza e fantasía. Tamén está representado o mundo cortesano medieval, coa presenza constante do amor cortés e as disputas amorosas ou doutra índole, como a do Amor e da Proeza en relación con Aquiles.

Finalmente, nas referencias relixiosas hai unha continua transposición da relixión cristiá para a pagana, cun continuado anacronismo, facendo aparecer xa na antigüidade a bispos, sacerdotes e abadesas, ou igrexas consagradas a deuses paganos, conventos de frades e monxas, funerais e aniversarios polos heroes mortos, coma se se tratase de cerimoniais dos cristiáns. Fálase da vida dos cabaleiros fronte á vida cómoda dos clérigos nos mosteiros, etc.

Outro punto importante de diferenciación constitúeno as comparacións, pois na *Iliada* son numerosísimas e esenciais ó longo de toda a obra, mentres que na *Crónica*, aínda sendo moi frecuentes, teñen un contido moi diferente.

Canto á visión dos heroes hai profundas transformacións. Na *Crónica Troiana* os heroes gregos non sempre aparecen caracterizados positivamente, en contra dos heroes troianos, que están de cote adornados coas mellores cualidades. Comparando coa *Iliada*, a visión transfórmase tremendamente e, ás veces, atopamos no texto medieval un resultado totalmente oposto ó que estaba en Homero. Así acontece con Aquiles fronte a Héitor e cos motivos da súa marcha do combate.

En Homero este acontecemento está no comezo da *Iliada* (rapsodia I) e está situado no último ano da guerra. Un sacerdote de Apolo chamado Crises vai ó campamento dos gregos reclama-la súa filla Criseida, que estaba en poder de Agamenón. Ante a negativa deste de lla devolver e o escarnio que recibe, Crises invoca a Apolo, que lanza o seu poder contra os gregos. Calcas, o adiviño que conduce os gregos contra Troia, failles ver que as calamidades sufridas polos gregos se deben á vinganza de Apolo por non devolver Criseida a seu pai. Entón Agamenón devólvella, mais esixindo que lle entreguen a cambio a fermosa Briseida, que estaba en poder de Aquiles, posto que este a gañara despois de toma-la cidade de Lirneso e de derriba-las murallas de Tebas. Isto é o que provoca a retirada de Aquiles da batalla e, como consecuencia, os gregos sofren unha serie de descalabros, porque Xúpiter inducido por Tetis (nai de Aquiles), decide vingar esta inxuria.

Na rapsodia IX os gregos, desesperados, falan mesmo de regresar a Grecia e toman como consello enviar mensaxeiros a Aquiles para que volva ó combate, ofrecéndolle grandes presentes e a devolución de Briseida. Van coma mensaxeiros Fénix (o ancián que o criara), Áiax, Ulises e os faraldos Odio e Euríates.

Aquiles estaba tocando a cítara e cantando as gloriosas accións dos homes, na compañía de Patroclo, e non acepta as condicións dos gregos. Só combaterá cando os troianos desfagan os enemigos e cheguen ata as naves dos mermidóns. Isto acontece na rapsodia XVI. Héitor consegue chegar ás naves e, aínda que Áiax as defende, préndelle lume a unha e os gregos non poden resistir. Patroclo queíxase e dille a Aquiles que axude ós gregos. O heroe non o quere facer e só consente en que vaia loitar Patroclo, dándolle para iso as súas propias armas e pondo á súa disposición os seus guerreiros mermidóns. A loita é impresionante e Patroclo consegue leva-los troianos vencidos ata a muralla da cidade, defendida por Apolo. Este axuda a Héitor, pegándolle por detrás a Patroclo, sacándolle o casco da cabeza, rompéndolle a lanza e tirándolle a coiraza. Máis tarde féreo Euforbo por detrás e só despois é capaz de matalo Héitor, a quen recrimina o grego antes de morrer. Trala tremenda disputa polo cadáver de Patroclo, sempre defendido polos aqueos (rapsodia XVII), comunícanlle a súa morte a Aquiles, que o chora e decide volver á batalla (rapsodia XVIII), para rematar matando ó heroe troiano, despois de grandes fazañas e furiosos combates, nunha das partes culminantes da *Iliada* (rapsodias XIX-XXII).

Aquiles na *Iliada* é o máis valente, o heroe prodixioso que non ten rival por estar protexido polos deuses. Por iso, cando el se decide a entrar no combate, ninguén resiste o seu poderío, nin o mesmo Héitor, e mata enemigos ás moreas. A escena da morte de Héitor é emocionante e totalmente negativa para o heroe troiano, que foxe e dá tres voltas á cidade antes de se enfrentar ó seu contrario. Aquiles mátao e víngase terriblemente, arrastrando o cadáver, no que os aqueos cravaron as lanzas, manténdoo sen enterrar doce días ante a tumba de Patroclo e botándoo ós cans (rapsodias XXII-XXIII). Só a clemencia divina fará que Príamo o recobre (rapsodia XXIV). Cando está dominado pola cólera, Aquiles non se detén ante nada e, por moito que lle imploren agarrándose ós seus xeonllos, el non lle concede o perdón a ningún enemigo, invadido pola extrema crueldade a que o leva a morte do seu amigo Patroclo.

Se comparamos esta visión da *Iliada* coa que ofrece a *Crónica Troiana*, vemos que o panorama aparece totalmente transformado, simplificándose unha boa cantidade de acontecementos do texto homérico, dándolle máis extensión a outros e chegándose mesmo a trastoca-la imaxe orixinaria para presentarnos unha oposta. En primeiro lugar non existen dous personaxes femininos chamados Briseida e Criseida, nin existe o sacerdote Crises, nin o motivo da disputa entre Agamenón e Aquiles. A historia cambia rotundamente. Agora só existe unha figura feminina (Briseida ou Breçaida), que se fai filla de Calcas (ou Colcas). Pero Calcas non aparece como grego, senón como un grande sacerdote e adiviño troiano, que é enviado ó templo de Apolo para sabe-la sorte dos troianos na guerra e que comete traición pasándose ós gregos por encargo do

deus. É dicir, dos dous personaxes masculinos faise un e as dúas figuras femininas convértese nunha única, que terá unha importancia decisiva no esquema de Benoît e da *Crónica Troiana*.

Por certo que Benoît entra en contradición cando pasa a utilizar a Dictys. Hai un momento en que Áiax, Diomedes e Ulises disputan a posesión do *Paladión*, ubicado no templo de Minerva, clara transposición do Xuicio das Armas de Aquiles, que aparece na *Odisea* e nas *Metamorfoses* de Ovidio, así como en Quinto de Esmirna, onde remata o episodio co suicidio de Áiax. En Benoît e na *Crónica Troiana*, cando se conta a disputa do *Paladión*, que concluírá co asasinato de Áiax por Ulises, Áiax fai un eloxio de si mesmo e tamén de Aquiles. Entón fálase da morte do rei Forbeta por Aquiles e de como trouxera á hoste a Diomeda e tamén a Esconem (despois chamada Escrimone e Esquimonê, en Benoît Astinomen), esta filla do rei Cases (logo chamado Crises), así como a Ypodamía (ou Ypodamea), filla do rei Brises. Escrimone é dada a Agamenón e, cando a reclama Crises, el queda con Ypodamía, que estaba en poder de Aquiles (cfr. *Crónica Troiana*, ps. 673-677). Benoît non se decata da dobre versión que ofrece por estaren os nomes trastocados e non coincidiren en Dares e en Dictys. Por iso non pon en relación o contido na disputa do *Paladión* co que escribiu na primeira parte do seu poema e dão coma se fosen episodios diferentes.

Por outra banda, na *Crónica Troiana* Aquiles non se retira do combate, pois está presente en tódalas batallas, e a morte de Patroclo ás mans de Héitor ocorre xa ó comezo da guerra, na segunda batalla, e a penas ten importancia, é un episodio máis, quedando reducida ó mínimo a disputa polo seu cadáver. Na *Crónica* Aquiles retírase da batalla cando a guerra leva xa varios anos e xa matara a Héitor, por unha causa totalmente diferente, como veremos máis adiante. Na segunda batalla, polo tanto ó comezo da guerra, «Achiles ño foy aquel día aa batalla porque era malchagado» (*Crónica Troiana*, p. 325.10, cap. 126) e por iso Agamenón lle deu a Patroclo a primeira az «et en aquel día lle deu Achilis quantos tragía cõsigo, que fossen cõ el, ca elles anbos se amauã tãto que tãda cousa que a hũ prazía o outro sse pagaua ende mays que de outra cousa» (*Crónica Troiana*, p. 325. 5-7, cap. 126). De aí que se queixe Aquiles da súa morte: «Amjgo, eu foy enqueigón de uossa morte, ca uos enviey sen mjn aa batalla...» (*Crónica Troiana*, p. 365.5 e ss., cap. 145).

Na *Crónica* temos unha constante contradición, debido á reminiscencia da *Iliada*, que leva a falar dun Aquiles vencedor, do feitor de grandes maravillas, do heroe máximo e sen rival. Todo isto aparece máis ben nun plano teórico, imaxinario, porque a realidade da *Crónica* é que, cando sae ó combate, sempre queda malparado. Así, na terceira batalla, Héitor derribao e lévalle o cabalo, deixándoo co rostro cheo de sangue. Na cuarta batalla, Eneas e Troilo atácanlo e

féreo, facendo que quede prisioneiro en poder de Héitor. Diomedes vén para acorrela e librao momentaneamente, pois volve atacalo Troilo, vencéndoo e tentando cortarlle a cabeza, sen conseguilo.

Na novena batalla, Héitor féreo de mala maneira nunha perna e Aquiles ten que saír da presa a todo correr para que lle aten cun pendón a parte danada. É certo que nesta batalla el mata ó heroe troiano, mais lembremos en que condicións. O formidable Héitor acaba de matar a un rei enemigo e baixa do cabalo para apoderarse del, desprotexéndose do escudo. Entón Aquiles, cando o ve abaixado e desprotexido, vai a correr e féreo por detrás nos costados. Unha morte a traición e aínda así con malos resultados, porque Menón atácao con toda a furia, facéndolle perder moito sangue. Os seus téñeno que levar enriba dun escudo para as tendas. ¡Que diferencia entre esta versión e a *Iliada*!

Na décimo oitava batalla volve quedar malparado ás mans de Troilo, que o prende (aínda que o libran os mermidóns) e lle leva o cabalo. Por iso Aquiles se vinga del, a traición tamén, na batalla seguinte. Dille ós seus mermidóns que só ataquen a Troilo cando os gregos xa vaian vencidos. Os mermidóns rodean a Troilo e Aquiles córtalle a cabeza, arrastrándoo ó rabo do cabalo. Pero, ó final, Aquiles leva as de perder, coma sempre, porque o volve ferir malamente Menón e tense que retirar da batalla por algúns días.

Como vemos, é unha constante acometida contra a idea do heroe inmortal, vencedor de tódalas batallas. Pouco queda desta visión, máis ben temos todo o contrario: sempre que Aquiles se mete no combate sae maltreito, unhas veces fuxindo polo seu pe e outras transportado malferido polos seus cabaleiros. Xunto á visión do heroe invencible, témo-la visión do heroe deixado da man dos deuses, do «anti-heroe», que mesmo é capaz de argallar unha traición para matar ós seus enemigos.

De maneira oposta a el, algúns dos outros grandes heroes gregos están vistos en sentido algo máis positivo, especialmente Áiax Talamón e tamén Diomedes, que xa na *Iliada* tiñan enorme preponderancia. En relación ó primeiro, non sempre está clara a distinción entre Áiax Talamón e Áiax Oileo, que na mesma *Iliada* aparecían moitas veces, sen especificar, como os dous Áiaces. Na *Crónica* tamén se di nalgúns lugares unicamente Talamón. O que deixa ben sentado Benoît é que Áiax Talamón é fillo do rei grego Talamón e de Ansíona, a irmá de Príamo levada polos gregos na primeira destrución de Troia. Iso válelle a Benoît para un episodio cabaleiresco. É o seguinte: loitan Héitor e Áiax Talamón valentemente, fálanse e recoñécense como parentes moi chegados. Como non se poden convidar doutra maneira, deciden acaba-lo combate por aquel día, cando os troianos levaban as de gañar. Este episodio pouco se parece ó que temos na rapsodia VII da *Iliada*. Aquí os gregos e os troianos volven á batalla, os primeiros axudados por Minerva e os outros por Apolo. Os dous

deuses deciden que se acabe a batalla aquel día o para iso fan que Héitor rete a un cabaleiro grego e se decida o combate entre ámbolos dous. Quere loitar Menelao e non o deixan os gregos por ser inferior ó troiano. Néstor láméntase dos heroes, que non queren loitar, e levántanse varios. Botan sortes e tócalle a Áiax Talamón, que vai contra Héitor. Os dous se acometen con lanzas e con pedras, os dous son invencibles. Ó chega-la noite, deciden acaba-la loita sen vencedor nin vencido.

En cambio Agamenón aparece xogando un papel secundario no noso texto. Na *Ilíada* era o máis poderoso do exército (rapsodia II) e levava de Grecia 100 naves, cos máis valerosos e valentes entre os demais guerreiros. Por se-lo máis valeroso e leva-lo maior número de guerreiros, é nomeado xefe da expedición contra os troianos. Na *Crónica* rebáixase totalmente a súa importancia e nunha ocasión mesmo ten que deixa-lo mando dos gregos a favor de Palamedes, que o reclama e o obtén contra o parecer de Aquiles, conservándoo ata morrer ás mans de Paris.

Néstor, o Vello, tamén perde o carácter que tiña na *Ilíada*, pois nesta é, entre os anciáns, o máis venerado por Agamenón e xa non vai á batalla, avantaxando na ágora a tódolos fillos dos aqueos (Rapsodia II, 370) e dando sempre bos consellos. Na *Crónica* píntase como moi valente e moi «sañado» e como «o mays cruel et o mays derranjado que en todo Greçia auja, ca el nõ daría hũa palla por matar hũ home doadament» (*Crónica Troiana*, p. 239.7-8) e, aínda que dá moitas veces consello e se guían por el, tamén vai ás batallas e participa nos combates.

Ulises na *Ilíada* é semellante a Xúpiter pola intelixencia (Rapsodia II, 407), é a prudencia personificada. Na *Crónica* represéntase sempre como un grande astuto, o que mellor sabe resolver tódolos problemas, mais ó mesmo tempo é un grande revolvedor de preitesías e grande burlador. Na parte final do libro chega a aparecer mesmo como un enganador e un traidor.

Pola contra, no bando contrario os troianos están sublimados. Héitor é sempre o grande vencedor, visto a reo cos mellores ollos. Cando el morre, pasará a se-lo xefe seu irmán Troilo, que na *Ilíada* a penas é citado unha vez e que na *Crónica* ten unha importancia extraordinaria por motivos cortesanos. Paris será o terceiro grande caudillo despois da morte de Troilo e sempre actúa con forza no combate, fronte á idea ás veces negativa da *Ilíada*, pois no texto de Homero a miúdo foxe do combate ou permanece na súa vivenda, que construíra na parte máis alta da cidadela, sendo recriminado por Héitor e incitado pola propia Helena a combater. O mesmo Príamo, que na *Ilíada* está sempre á marxe da batalla, na *Crónica* participa nos combates despois da morte de Héitor e sabe loitar con valentía. E non só el, tamén os seus fillos bastardos loitan con valor e fan grandes cabalerías, xunto ós outros fillos lexítimos. Cousa semellante acon-

tece con outros heroes, como Eneas, ou cos que viñeron en axuda de Príamo, como pode ser, por exemplo, o rei Menón.

A postura a favor dos troianos vémolos tamén en relación cos descendentes de Héitor. Na *Iliada*, o heroe troiano e Andrómaca só teñen un fillo, ó que Héitor chama Escamandrios (Σκαμάγδιον, rapsodia VI, 402) e os troianos Astianacte (Ἀστυάνακτ', rapsodia VI, 403). Na *Crónica Troiana* fábase de dous fillos (Leondomanca e Aternates, con outras variantes), se ben ó final do libro móstrase bastante enmarañada a historia e xa se nomea un único fillo, que chega a ser rei. Na *Iliada*, Aquiles do seu fillo Neoptólemos «semellante a un deus» (Rapsodia XIX, 327), se aínda vive, que se educa en Esciros. Na *Crónica* este Neoptólemos chámase Pirio (e outras variantes) e faise fillo de Aquiles e de Daidama,¹¹ abadesa dun convento e filla do Licomedes, rei de Portugal. Pirio, a quen os gregos van buscar a Portugal para vingala morte sufrida a traición por Aquiles, despois de remata-la guerra leva con el a Andrómaca e terá un fillo dela (Achílides). Unha vez morto Pirio ás mans de Orestes, Andrómaca foxe para Tetis e Peleo, os pais de Aquiles, e vive con eles, criando xuntamente a Achílides, o fillo de Pirio, e a Leondomanca, o fillo de Héitor (agora xa desapareceu Aternates da escena). Cando morre o rei Peleo, Leondomanca, o fillo de Héitor, sucédeo como rei, porque así foi a vontade dos deuses. Por certo que a deusa Tetis, que na *Iliada* aparece casada co mortal Peleo por decisión de Xúpiter, na *Crónica* faise filla do rei Acastus, que lle arrebatara o reino ó seu xenro Peleo.

As veces hai reminiscencias da *Iliada* desprazadas de lugar. Así, na terceira rapsodia Paris atópase no combate con Menelao e retrocede, refuxiándose entre os seus, polo que Héitor lle chama cobarde. Paris entón di que está disposto a loitar en combate singular con Menelao para que se decida a sorte da batalla entre os dous. Loitan ámbolos dous heroes e vence Menelao, mais Venus arrebatara a Paris para o leito nupcial, a onde leva tamén a Helena, e non se cumpre o estipulado antes do combate, porque os deuses non o permiten e fan continua-la guerra. Na *Crónica Troiana* hai un recordo desta pasaxe nas palabras que teñen Héitor e Aquiles nunha das trégoas despois da sexta batalla. Héitor dille a Aquiles que loiten ambos corpo a corpo e que se decida a guerra entre eles. Os troianos aceptan, mais os gregos non consinten que Aquiles expoña o éxito da empresa a un combate singular.

Outra reminiscencia témo-la no seguinte feito. Na rapsodia X, cando era de noite, Agamenón non pode durmir e vaise xuntar con Menelao, Néstor, Ulises, Diomedes e os dous Áiaces. Deliberan entre eles e Néstor propón que vaian espiar ós troianos para ve-lo que pensan facer, encomendándolles esta acción a Diomedes e mais a Ulises, ós que lles axuda Palas Atenea polo camiño. Ó mesmo tempo, Héitor tampouco pode durmir e pensa tamén en espiar ós

R. LORENZO

gregos. Para iso ofrécese Dolón, que ten a fatalidade de caer en poder dos dous cabaleiros gregos, os cales o matan despois de facelo falar e de que lles comunique a distribución das tropas troianas e dos seus aliados. Na *Crónica Troiana* achamos este feito de maneira moi diferente. Despois da sexta batalla os gregos envían pedir trégoas ós troianos e envían a eles a Diomedes e mais a Ulises. O cabaleiro Delón, que está facendo a garda, condúceos ata Príamo e devólveos despois sans e salvos fóra da cidade.

Tamén podíamos pensar nun recordo en relación con Héitor. Na rapsodia VI da *Iliada*, o heroe vai ver a Andrómaca e ó seu fillo Escamandrios. A muller dille que non vaia combater e el consólaa e despídese do fillo. As escravas chórano coma se non fose volver da batalla. Isto fai lembra-lo soño de Andrómaca na *Crónica Troiana*, no que os deuses lle revelan a morte do seu home se vai aquel día á batalla, aínda que no texto romance o episodio ten moita maior extensión.

Outra conexión tal vez a teñamos nas relacións de Eneas con Príamo. Na rapsodia XIII, a *Iliada* di que Eneas estaba irritado co rei troiano, porque non o honraba, aínda sendo valente entre tódolos guerreiros (XIII, 458-461), e retráese no combate. Non aparece este feito na *Crónica*, mais si temos a Eneas entre os traidores que venden Troia ós gregos, visión totalmente contraria á que presenta Virxilio na *Eneida*.

Algo semellante ocorre noutro tema en relación cos traidores. Na *Iliada* (rapsodia XXIV), cando Príamo, por mandado dos deuses, decide ir ó campamento dos gregos suplicar a Aquiles que lle devolva o cadáver de Héitor, colle tódolos haberes que pode para o rescate e bota do pórtico ós troianos, dirixíndolles palabras ínxurias:

«¡Ídevos de aquí, perversos, miserables! ¿Non tendes de que vos lamentar nas vosas casas que me vindes aflixir? ¿Alegrádesvos de que Zeus, fillo de Cronos, me consuma de dor facéndome perde-lo meu fillo máis valente? Tamén vós mesmos o experimentaredes, pois agora que el está morto seredes moito máis fáciles de destruír polos aqueos. Pero eu pola miña parte, antes de ver cos meus ollos a cidade destruída e saqueada, baixarei á morada de Hades» (rapsodia XXIV, 239-246):

Na *Crónica* temos unha lembranza desta pasaxe ó final, cando os traidores Eneas, Antenor, Anchises e Polidamas deciden traiciona-la cidade. Príamo outorga á forza as preitesías dos traidores e bota un longo discurso, cun «pranto» no que se refire ás desgracias que caen sobre el e sobre a cidade (ps. 641.7-642.40.).

Outros aspectos con tremendas diferencias entre a *Iliada* e a *Crónica Troiana* son os referentes ó tema do amor e á representación da muller, así como

á utilización dos elementos fantásticos. Frente ó mundo dominado polos deuses no texto de Homero, na *Crónica* bótase man de elementos imaxinarios e mitolóxicos, como os saxitarios, as amazonas, as sereas, as meigas. Ó mesmo tempo descríbense cámaras encantadas, episodios cheos de mundos fascinantes, de enfeitizamentos, exotismo fabuloso e maravilloso, ás veces creación de Benoît, seguindo os gustos do público medieval.

Cando Benoît escribe está en pleno apoxeo a poesía cortesana e non podía faltar na súa obra o amor cortés. Na *Ilíada* as protagonistas femininas carecen de entidade e non é grande a importancia que se lles concede a Helena, Hécuba, Andrómaca ou Casandra. Só as deusas Xuno, Minerva e Venus destacan, xunto a Tetis, Latona ou Diana. Os motivos amorosos están practicamente limitados a Xuno. Pola contra, na *Crónica Troiana* son numerosos os personaxes femininos que actúan ó longo da obra: Medea, Briseida, Políxena, Helena, Hécuba, Andrómaca, Casandra, etc. Tódalas vicisitudes do amor cortés están presentes no texto, con tódolos ingredientes indispensables: amor, olvido, tormentos, traicións, remordementos. É constante unha casuística psicolóxica, cun abundante uso do monólogo por parte dos namorados. Na *Crónica* asistimos ós amores de Medea e Xasón, ó desespero de Andrómaca cando Héitor decide ir á batalla, sen ter en conta o soño funesto que ela soñara; ó lento cambio que experimenta o corazón de Helena ata sentir amor por Paris; ó amor de Penteseila, a raíña das amazonas, por Héitor, falseamento da historia de Dictys, para quen só é unha mercenaria que actuaba por cobiza; ó amor que espertaba en tódalas mulleres Héitor, pouco agraciado fisicamente, e no cumio de todo ó amor imposible de Aquiles por Políxena e ó de Troilo por Briseida.

Deteñámonos nisto. Políxena nas *Metamorfoses* de Ovidio xa aparece como vítima sobre a tumba de Aquiles (XII, 580-628) e así está tamén na *Crónica Troiana*, mais a historia é complexa. Aquiles despois da décima batalla, cando se fai o cabodano de Héitor, ve a Políxena e namórase dela. Preso de amor, bota longos monólogos queixándose do Amor e comparándose a Narciso. Decide enviar un mensaxeiro a Hécuba, pedíndolle a filla en casamento, coa condición de facer marcha-los gregos de sobre Troia. Para iso reúne os gregos e propónlle a marcha para Grecia, mais non obtén resposta positiva e contéstalle duramente Toas, o duque de Atenas. Ó non lle facer caso os gregos, Aquiles decide retirarse da loita. Esta é precisamente a causa da súa retirada na *Crónica* e non o enfado con Agamenón por collerlle este a escrava Briseida, como se conta ó comezo da *Ilíada*.

Os gregos sofren entón grandes descalabros na batalla undécima e envían a Aquiles por mensaxeiros a Ulises, Diomedes e Néstor, o vello, para que o convenzan de que volva. Aquiles, coitado e triste, non acepta e continúan os gregos sen el ata a batalla décimo quinta. Os gregos, desesperados, envían agora

R. LORENZO

de emisarios a Néstor e Agamenón e, por amor deles, Aquiles deixa ir ó combate ós seus cabaleiros mermidóns. Cando na batalla seguinte Aquiles ve morre-los seus cabaleiros, ten unha terrible loita consigo mesmo. O Amor desaconséllao de que vaia ó combate. A Proeza dille o contrario, Aquiles monologa e razoa con Políxena, coma se a tivese diante del. Ó final triunfa a Proeza e o heroe vai á batalla, rompendo a promesa que lle fixera a Hécuba, o que fai que esta lle urda a morte a traición. Aquiles morrerá a traición, vítima do seu amor por Políxena, mais non cunha frecha disparada por Paris ó tendón, o seu único punto fraco, senón no templo de Apolo, a onde o mandara ir Hécuba para falar con el e darlle a Políxena. A pobre Políxena será matada máis tarde por Pirio, o fillo de Aquiles, ante a tumba do pai, para vinga-la súa morte.

No cumio da representación amorosa non está o amor de Paris e mais de Helena, de menor entidade na *Crónica*, senón o amor de Troilo e Briseida e a traición da doncela. É un tema grandioso que tivo enorme éxito na literatura posterior e foi utilizado por autores como Boccaccio, Chaucer ou Shakespeare¹². Neste tema, precisamente, é onde Benoît de Sainte-Maure se mostra máis orixinal e consegue a máxima altura poética.

Xa dixen que na *Iliada* Briseida aparece como propiedade de Aquiles, que a trouxera de Lirneso e que a perde ó lla arrebatara Agamenón, cando este ten que devolver Criseida a Crises, sacerdote de Apolo. Na rapsodia XXIV aparece de novo deitándose ó lado de Aquiles (XXIV, 676). Tamén aparece como pose de Aquiles nas *Heroidas* de Ovidio (III). Na *Crónica Troiana* faise das dúas doncelas unha única, chamada, en xeral, *Briseida* ou *Breçaida* (e nalgúns manuscritos doutros textos parellos *Criseida*), e considérase filla do grande sacerdote troiano Calcas (ou Colcas), que traiciona ós seus e se pasa ós gregos por mandamento de Apolo, no que vemos claramente unha confusión de Calcas, adiviño dos gregos, e Crises, o sacerdote de Apolo, tal como está na *Iliada*.

Na *Crónica* vaise preparando o terreo para a representación do amor de Troilo e Briseida. Primeiro vén o retrato de Troilo e veñen as batallas, nas que Troilo, por parte dos troianos, e Diomedes, por parte dos gregos, fan grandes cabalerías. Ó mesmo tempo Toas é feito prisioneiro polos troianos e máis tarde Antenor polo gregos. Concértase unha trégoa na que se fan unha serie de preitesías, todas abortadas, menos o cambio de Antenor por Toas. Amais disto, Calcas aproveita a ocasión para pedir ós troianos que lle devolvan a súa filla Breçaida, que quedara en Troia cando el traicionara a cidade e se pasara ós gregos. Príamo concédella e entrégalla. A partir de aquí chega o episodio ó máximo e a escena da separación de Troilo e Breçaida está plenamente lograda. Destacan tamén o «doneo» entre Breçaida e Diomedes, o cabaleiro grego que a recolle e a acompaña á tenda de Calcas; as palabras entre o pai e a filla, as dúbidas de Breçaida entre o amor de Troilo e o requirimento de Diomedes, para

acabar dando o seu amor ó grego, gravemente ferido, o que aproveita o autor para facer unha severa crítica da inconsistencia feminina.

Polo medio están os duros e feroces combates entre Diomedes e Troilo, pelexas furiosas entre dous enemigos na guerra e no amor. Así, primeiramente a conquista do cabalo de Troilo por Diomedes, que llo envía en presente a Breçaida; despois a loita de Polidamas con Diomedes, sendo este vencido por Polidamas, que lle colle á súa vez o cabalo e llo dá en presente a Troilo. Este, trala morte de Héitor, convértese no xefe dos troianos e fai grandes cabalerías, ferindo malamente a Diomedes e logo a Agamenón. En Troia as doncelas hónranlo moito e el cóntalles todo o que lle fixera Breçaida, «et posfaçaua moyto dela, en sorriño, porque o leixara et tomava o mayor ãemjgo que el auja por entêdedor. Et chamava aas donas enganosas et sen uerdade. Et, sen falla, poucas hay que seian leaes a aqueles que as amã» (*Crónica Troiana*, p. 548.20-22).

As escenas amorosas abundan ó longo da obra no medio dos episodios cabaleirescos. Eneas, Troilo e Polidamas van ver a Hécuba e ás outras donas. Despois van ó encontro de Helena, que lles dá os seus presentes e Polidamas ben quixera máis cousas. A continuación van comer con Príamo «et se me algé pregūtar o que fezo Pares despoys de comer, eu lle dería que sse foy a ssua pousada pera Elena, et ja por esso ño leixou de pesar ou de prazer a quen quiser» (*Crónica Troiana*, p. 391.5-7, cap. 167). As donas e as doncelas ollan sempre desde os adarves o combate. Por iso os cabaleiros senten vergoña cando non combaten ben. Así, cando loitan Menelao e Paris e este leva as de perder, séntese todo envergoñado porque o está vendo Helena. O mesmo lle ocorre noutra ocasión a Héitor.

Estamos no mundo do amor cortés e no mundo dos torneos medievais, no mundo cabaleiresco. Todo isto aparece en Benoît e na *Crónica* e fai que o *Roman de Troie* e a traducción galega contida na *Crónica Troiana* estean á máxima altura da expresión literaria. Non se pode facer unha comparanza entre a *Iliada* e os dous textos medievais, porque representan dúas épocas moi diferentes e dúas concepcións do mundo moi distintas, mais o texto galego en moitos aspectos non desmerece do grandioso modelo grego e chéganos máis ó corazón. E, finalmente, non esquezamos que a *Crónica Troiana* representa un dos cumios da prosa galega medieval, digna de estudio por parte dos investigadores e de que a lean os ávidos de aventuras.

Notas

1. Completo aquí o que digo na introducción da *Crónica Troiana*. Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa, «Colección Documentos Históricos». Disposta pola Real Academia Galega, A Coruña, 1985.

R. LORENZO

2. Cfr. *Crónica Troiana*, p. 7; *Apollodorus, The Library*, with an english translation by Sir J. G. Frazer, 2 vols. Londres 1921 (reimpresión: vol. 1, Londres-Cambridge 1961; vol. 2, Londres-N. York 1963); A. Severyns, *Recherches sur la Chrestomathie de Proclus. I: Le codex 239 de Photius*, 1; *Étude paléographique et critique*, Paris, 1938; 2: *Texte, traduction et commentaire*, Paris, Droz, 1938; III. *La vita Homeri et les sommaires du cycle*. Paris, Les Belles Lettres, 1953.
3. Cfr. *Crónica Troiana*, p. 6 (aquí dou bibliografía).
4. Baebii Italici, *Ilias Latina*. Introduzione, edizione critica, traduzione italiana e commento a cura di Marco Scaffai, Bologna, Pàtron editore, 1982.
5. Cfr. *Crónica Troiana*, p. 7.
6. Cfr. L. Constans, *Le Roman de Troie par Benoît de Sainte- Maure* publié d'après tous les manuscrits connus. 6 vols. Paris, SATF, 1904, 1906, 1907, 1908, 1909, 1912 (reimpresión en N. York- London, Johnson Reprint Corporation, 1968).
7. Cfr. a edición de Ferdinand Meister, *Daretis Phrygii De Excidio Trojae Historia...* Leipzig, Teubner, 1873.
8. Cfr. a edición de Werner Eisenhut, *Dictys Cretensis, Ephemeridos belli Troiani libri a Lvcio Septimio ex graeco in latinvm sermonem translati...* Leipzig, Teubner, 1973 (1.^a ed. en 1958).
9. Véxase un resume na *Crónica Troiana*, ps. 8-10.
10. Neste artigo utilizo moitas veces os nomes latinos dos deuses, lugar dos nomes gregos correspondentes.
11. O único nome feminino que se lle parece un pouco na *Iliada* é o de Diomeda, filla de Forbas (ou Forbante), que trouxera Aquiles de Lesbos e que aparece con el na rapsodia IX, 665.
12. Cfr. *Crónica Troiana*, p. 18.